

**23.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE MAIO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS. 21/2016 E 22/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATAS 18 E 23 DE MAIO DE 2016.**

Acordouse aprobar as actas núms. 21/2016 e 22/2016 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local de data 18 de maio de 2016 e 23 de maio de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- PROXECTO DE URBANIZACIÓN.**

**2.1.-** Acordouse **aprobar inicialmente o PROXECTO DE URBANIZACIÓN (MODIFICADO) ENTRE RÚA 9 E RÚA PENA AGUDA (FEÁS) – LALÍN** visto o informe favorable do asesor urbanístico municipal, de data 12/05/16, e someter o citado proxecto de urbanización a información pública, polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Boletín

Oficial da provincia, nun dos xornais de maior difusión na provincia e no taboleiro municipal de edictos.

### **3.- LICENZA DE OBRA.**

**3.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para construción de explotación cunícola en Castro de Cabras- Lalín e aprobouse a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 20/05/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 12.826,21 euros.

### **4.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**4.1.-** Acordouse **DENEGAR A LICENZA DE SEGREGACIÓN** dunha parcela rústica en Palio de Abaixo – Palio – Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe desfavorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 11/05/16.

### **5.-COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**6.1.-** Acordouse **inadmitir a proposta presentada por HIDRAMAQ DEZA S.L, en relación co expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS”** tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, por non corresponder o obxecto social da empresa co obxecto do contrato, e declarar deserto o devandito expediente.

**6.2.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 18.000,00 € máis a partida de 3.780,00 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 21.780,00 €; aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e autorizar o gasto por importe máximo de 21.780,00 € (IVE incluído). Así mesmo acordouse

iniciar os trámites para adjudicar o contrato e a estes efectos, publicar o anuncio de licitación no BOP e no Perfil do Contratante.

**6.3.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SEGURO SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE LALÍN”, tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración. Unha vez tramitado o expediente, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 18 de maio de 2016 acordou declarar deserto o expediente de contratación. Á vista desta situación previo informe da Técnica de Contratación de 17 de maio de 2016, **acordouse prorrogar de mutuo acordo coa compañía aseguradora “MAPFRE FAMILIAR, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.” o contrato privado denominado “SEGURO SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE LALÍN”**. Esta prórroga terá unha duración dun 1 ano (comezo da prórroga ás 00:00 horas do día 1 de xuño de 2016 e finalización ás 24:00 horas do día 31 de maio de 2017).

## **7.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**7.1.-** Acordouse **aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Cultural Carballo da Manteiga** para o funcionamento da Escola de Gaitas.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

**8.1.-** Acordouse **aprobar a relación de facturas nº 00070** por importe total de 24.540,78 €.

## **9.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**9.1.-** Acordouse a **devolución e cancelación da fianza** por importe de 4.672,00 € como garantía para responder do contrato denominado “SERVIZO DE MANTENIMENTO DE ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN”.

**9.2.-** Acordouse a **devolución e cancelación da fianza** polo importe de 975,00 € como garantía para responder do contrato denominado “SERVIZO PARA DESENVOLVER O PROXECTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS-2015 DO CONCELLO DE LALÍN”.

**9.3.-** Acordouse a **devolución e cancelación do aval** polo importe de 3.005,06 € como garantía para responder do contrato denominado “CONCESIÓN DE RÉXIME DE ALUGUER DA PARTE NOVA DA PRAZA DE ABASTOS-LALÍN”.

**9.4.-** Acordouse a **devolución e cancelación do aval** polo importe de 5.450 € como garantía para responder do contrato denominado “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO ESTADIO DE FÚTBOL MANUEL ANXO CORTIZO-LALÍN”.

## **10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**10.1.-** Acordouse **renunciar ás solicitudes** presentadas polo Concello de Lalín ao abeiro das “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2016. Liña 1: Investimentos, para adquisición de elementos de sinalización de núcleos de poboación do rural (Lalín), actuacións de mellora na accesibilidade do Pazo de Liñares (Lalín) e reforzo e pavimentación de camiños en Soutolongo e depósito de auga en Cercio, por importe total de 134.660,47 €, e **en substitución das mesmas, solicitar a abeiro de ditas Bases as subvencións para a execución dos seguintes proxectos correspondentes á Liña 1:** Investimentos: reforzo do pavimento de pistas en Soutolongo, Sello e Moneixas, elementos de templado de tráfico e seguridade vial, zona urbana-Lalín, adquisición e instalación de dous paneis informativos no Concello de Lalín, actuacións nos locais sociais de Moneixas e Noceda (Lalín), e deseño, homologación e marcaxe do Roteiro dos Pazos. Adquisición de sinalización para roteiros de Lalín por importe total de 134.660,12 €.

**10.2.-** Acordouse **solicitar á Secretaría Xeral de Xuventude da Consellería de Política Social unha subvención** ao abeiro da Orde de 21 de abril de 2016 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á mocidade no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016 por importe de 3.000,00 € para a realización de tres obradoiros de impresión 3D para a mocidade de Lalín.

**10.3.-** Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** co número 11/2016, con carácter provisional ata o 30/05/2017.

**10.4.-** Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total

de 150 € a aboar en efectivo.

**10.5.-** Acordouse a **baixa no Servizo de Axuda no Fogar**, modalidade libre concorrencia, para persoa beneficiaria.

**10.6.-** Acordouse a alta no programa de Xantar na Casa para persoa solicitante e a Baixa de usuario no programa de Xantar na Casa por pasamento.

**10.7.-** Acordouse a **cesión de instalacións propiedade do Concello a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**.

**10.8.-** Acordouse **recoñecer a obriga, e ordenar o ingreso do importe de 300 € para o PAGAMENTO DE CUSTAS PROCESUAIS** en relación coa tramitación do PROCEDIMENTO ORDINARIO 81/2016.

**10.9.-** Acordouse **aprobar a liquidación correspondente ao ano 2014 do importe de 1.433,48 € a que ascende o importe a aportar polo Concello de Rodeiro** en virtude do Convenio de Colaboración marco para a prestación conxunta do Servizo de centro de Información ás Mulleres, entre o Concello de Lalín, o Concello de Rodeiro e o Concello de A Golada, correspondente ao período referido segundo o informe de 15 de xaneiro de 2015 da directora do CIM.

**10.10.-** Acordouse **aprobar a compensación** solicitada pola empresa Hidroeléctrica de Silleda S.L. e, en consecuencia, declarar extinguidas, na parte concorrente, as débedas por importe total de 1.297,78 € e os créditos por importe total de 1.509,28 €, **quedando pendente de pago o importe de 211,50 €.**

**10.11.-** Acordouse **inventariar o Centro Social de Moneixas como ben de titularidade municipal de carácter urbano** na parroquia de Moneixas.

## **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**11.1.-** Acordouse **aceptar a subvención por importe de 117.591,59 euros para o desenvolvemento do proxecto denominado “Adquisición de equipamento e mellora do espazo ambiental do Río Pontiñas”** ao abeiro da “Orde do 21 de decembro de 2015, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. Liña en concorrencia non competitiva”.

**11.2.-** Deuse conta do escrito de data 12 de maio de 2016 remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, no que se notifica a **concesión ao Concello de Lalín dunha subvención ao abeiro das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 por importe de 77.825,41 euros** para o desenvolvemento do proxecto denominado “INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS NA ZONA EXTERIOR DA PRAZA SUPERIOR DO PARKING ALDEA GRANDE”.

**11.3.-** Deuse conta do escrito de data 19 de maio de 2016 remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, no que se notifica a **concesión ao Concello de Lalín dunha subvención ao abeiro das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 por importe de 502.026,20 euros** para o desenvolvemento do proxecto denominado “REHABILITACIÓN, SANEAMENTO E REFORZO DE FIRME RONDA NORTE-ESTE (LALÍN)”.

**11.4.-** Deuse conta do **escrito presentado por titular da licenza de taxi** número 20 no que comunica a adscrición a dita licenza do vehículo de nova adquisición marca Kia, modelo Karens.

**11.5.-** Acordouse **conceder autorización municipal para que o venres día 17 de xuño de 2016 (Noite Branca 2016), se proceda ao peche dunha serie de rúas dende as 16:00 horas ata as 24:00 horas.**

**11.6.-** Acordouse conceder autorización municipal para pernoctar en Lalín no pavillón municipal un grupo de 40 xóvenes cos seus responsables, para as noites do día 23 e 24 de xullo 2016. Esta autorización implica que as persoas pernoctarán na pista de cemento do pavillón co seu propio material (colchonetas, sacos de durmir, etc.), e non interferirán nas actividades normais que se desenvolvan na instalación. Non poderán usar enchufes para conectar aparatos eléctricos (móviles, baterías, etc). A organización da marcha faise responsable dos desperfectos que poidan causar nas instalacións calquera dos seus participantes.

**11.7.-** Acordouse **informar favorablemente a celebración da proba “1º Trail dos Pendellos”**, que se celebrará o día 17 de xullo de 2016.

**11.8.-** Acordouse **conceder autorización municipal para o uso do Local Social de Cercio**, para o vindeiro día 19 de xuño de 2016, entre as 10:00 horas e as 17:00 horas con motivo da celebración do Partido de Compromiso por Lalín, cara os seus afiliados e simpatizantes.

**11.9.-** Deuse conta da solicitude presentada pola Cruz Vermella Española-

Delegación Local de Lalín para **colocar un stand para venda de lotería** na rúa Principal os días de Feira e en outros rúas de Lalín.

**11.10.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a celebración da festividade de San Antonio o próximo día 12 de xuño de 2016.

**11.11.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do Pavillón do CEIP Xesús Golmar do 1 o 31 de xullo de 2016, en horario de 10:30 horas ata as 13:00 horas, para poder realizar un campamento multideporte para os cativos do Concello de Lalín, debendo pagar as taxas establecidas na ordenanza fiscal correspondente.

**11.12.-** Deuse conta da **Sentenza núm. 00072/2016 do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción núm. 2 de Lalín, demandante Concello de Lalín e demandado Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

**11.13.-** Acordouse **desestimar e rexeitar a solicitude de interesado sobre a situación actual en relación coa finca situada na Praia Fluvial de Vilatuxe “Pozo do Boi”**, referente a uns arbores que o Concello de Lalín acordou abonar no seu día para evitar a súa corta por quedar nunha parcela que pasou a propiedade do Concello de Lalín con motivo do proceso de concentración parcelaria na dita parroquia dado que ditas fincas están entregadas a este Concello de Lalín libre de cargas e gravames e considerando que o dereito do interesado debeu exercerse antes de que a Consellería do Medio Rural e do Mar entregase as fincas a este Concello, o cal non se fixo.

**11.14.-** Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada o día 18 de maio de 2016, no punto 9.9. Expediente de modificación do Plan Parcial Estrada de Lugo, SUE-4 do PXOM de Lalín (Pontevedra).

---